



Expediente IET: P-19-669
Proxecto: Parque eólico Banzas
Concellos: Outes, Negreira e Mazaricos (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Por medio dun escrito de data 12/11/2020 o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Antecedentes:

O 17 de novembro de 2019 a Asociación de Veciños 3 de Maio presenta un escrito dirixido ao Instituto de Estudos do Territorio, no que se fan diversas alegacións ao proxecto do parque eólico Banzas, en referencia aos potenciais impactos sobre a paisaxe, o medio ambiente, os usos do solo e sobre a saúde dos habitantes e da súa cabana gandeira. Así mesmo solicita, que se deixe sen efecto o proxecto do parque eólico e, no caso de ser desestimadas as alegacións, se contemple a posibilidade de medidas compensatorias durante a vida útil do parque.

2. Marco legal:

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano substantivo debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

Este informe emítese de acordo co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e co artigo 32 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), en relación coas competencias establecidas no artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, na redacción establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 28 dos estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, na redacción establecida polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Banzas, de 31,185 MW, composto por 9 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para cableado, torre de medición, edificio de control e subestación). Os aeroxeradores terán 3,465 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 134 metros e 132 metros de diámetro de rotor. O edificio de control presenta planta rectangular de dimensións 30,73 x 12,10 m² con cuberta a dúas augas en tella cerámica. A explanada que albergará este edificio e as instalacións exteriores da subestación terá unha superficie de 5000 m² cun peche perimetral de muro de formigón de 40 cm de altura e malla de simple torsión ata unha altura de 2,10 metros.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento anexo.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase entre as grandes áreas paisaxísticas das Chairas e Fosas Occidentais e das Rías Baixas, nas comarcas paisaxísticas de Terra de Xallas e Muros, respectivamente.

As instalacións non se sitúan sobre ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, e as máis próximas á contorna do parque son a AEIP-08-02 Baixo Tambre, a uns 5,5 km ao sueste, e a AEIP-08-01 O Pedregal, a uns 8,1 km ao suroeste. Respecto aos miradoiros do Catálogo, os máis próximos son o Miradoiro do Alto da Paradela, a uns 6,6 km de distancia en dirección sueste, e os de Monte Tremuzo e Pico do Castelo grande ao suroeste, a uns 8,8 e 9,3 km de distancia respectivamente das instalacións do parque.

En relación a outros elementos do Catálogo, sinalar que a uns 5 km ao nordés discorre o Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía. Así mesmo, cabe destacar que na fase de participación pública para a elaboración do Catálogo se identificou como lugar de especial interese paisaxístico a ferverza de Santa Locaia e a fraga adxacente, situadas na aba oeste do monte do Cotro das Eiras.

Por outra banda, cómpre sinalar que un dos nove aeroxeradores do parque (BZ-07) localízase dentro dun solo rústico de protección paisaxística cualificado polo PXOM de Outes, situándose os restantes a distancias que oscilan entre os 260 metros e os 630 metros do bordo deste solo rústico de especial protección. Así mesmo, entre os aeroxeradores BZ8 e BZ9 atópase o miradoiro de Monte do Cotro que, se ben non está recollido no Catálogo, debe terse en conta como elemento de interese panorámico.

O parque eólico localízase entre o alto de Cotro de Eiras ao sueste, os Chans de Campolongo ao norte e o Foxo e Fonte Salgueira ao leste, nunha paisaxe conformada por unha sucesión de outeiros onde predominan superficies cubertas de matogueiras, pasteiros e outros cultivos forraxeiros, plantacións forestais de piñeiro e eucalipto e, con menor presenza, formacións de arboredo autóctono en bosquetes. Nas chairas gandeiras dos altos aprécianse elementos de interese paisaxístico e etnográfico e bo estado de conservación, entre os que destacan os peches de pedra en seco e as sebes vexetais entre parcelas. Os núcleos de poboación son de pequeno tamaño, de arquitectura tradicional e numerosas edificacións adxectivas á actividade agraria (hórreos), e dispersos entre os Chans de Campolongo (Campolongo, Vilar de Abaixo e Vilar de Arriba) e os vales dos Río do Vao da Denonciña (Vilariño de Chacín), o río de Banzas (Banzas) e o río Donas (Couso de Arriba, Couso de Abaixo e Cabana Moura). As estradas máis importantes presentes no ámbito son a estrada autonómica AC-400 (que dá acceso ao parque), e as estradas provinciais DP-4502 e CP-4604.





Segundo a web do Rexistro eólico de Galicia, nun radio de 15 km existen numerosos parques eólicos en fase de solicitude, tramitación ou funcionamento, correspondendo o máis próximo a un parque en funcionamento, o PE Serra de Outes, situado a uns 900 m ao noroeste.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP presentado fai unha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, analiza a visibilidade estratéxica, calidade e fragilidade visual, calcula as cuncas visuais dos aerogeradores nun radio de 15 km e analiza a intervisibilidade dende 9 núcleos de poboación, AEIPs, espazos protexidos, elementos do patrimonio cultural e distintos puntos do Camiño de Santiago (tramo Fisterra-Muxía). Este estudo complétase cunha serie de infografías que simulan a visibilidade dos aerogeradores dende puntos elixidos para análise de intervisibilidade. Finalmente identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos. Estes contidos, se ben dende o punto de vista formal poden considerarse completos e acordes co recollido no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, as análises realizadas non resultan axustadas á entidade do proxecto. Máis concretamente en referencia ás seguintes cuestións:

- A incidencia visual dos aerogeradores respecto dos asentamentos está calculada para os núcleos de maior poboación da contorna, e soamente se inclúe o núcleo de Banzas entre aqueles situados a menor distancia do parque. O mesmo ocorre co cálculo da incidencia acumulada dos veciños parques eólicos nas distintas fases de tramitación. Polo tanto, para avaliar convenientemente o impacto visual sobre a poboación deberán incluírse nos cálculos os asentamentos máis próximos citados no apartado 4 anterior. Sinalar tamén que nas infografías achegadas, as fotografías non están capturadas cunha distancia focal equivalente á visión humana.
- O planeamento de Outes ten cualificado un solo rústico de especial protección paisaxística no cordal onde está situado o aerogenerador BBZ-07, polo que o proxecto deberá avaliar a incidencia sobre os valores paisaxísticos deste solo.
- Respecto do Miradoiro de Monte do Cotro, o proxecto constata que a totalidade das infraestruturas do parque son visibles dende o miradoiro, se ben non avalía o grao de impacto nin establece ningunha medida preventiva ou correctora ao respecto. No caso dos aerogeradores 8 e 9, ao trátase dun miradoiro con panorámica de 360 graos, a incidencia sobre vistas sobre a chaira de Campolongo, os vales adxacentes e restos de panorámicas interiores é moi forte. O EIIP condiciona o impacto visual a un valor subxectivo por parte dos potenciais observadores, baixo esta premisa debería tomarse en consideración o valor panorámico e etnográfico que os veciños dan a este lugar, toda vez que foi acondicionado como miradoiro e espazo de lecer (merendeiro) baixo a súa iniciativa e teñen manifestado formalmente a súa preocupación polo impacto paisaxístico destas instalacións.
- O aerogenerador BZ-08 está situado na aba do monte do Cotro, sobre o lugar de interese paisaxístico da ferverza de Santa Locaia, a ermida de Santa Locaia e a fraga de Vilariño de Chacín, polo que cómpre avaliar a incidencia visual sobre estes elementos do aerogenerador, da nova vía de acceso e da plataforma de montaxe.
- Non está identificado un dos elementos de maior interese paisaxístico e etnográfico da paisaxe das chairas, os muros tradicionais de pedra. Os muros están directamente afectados polos acondicionamentos de ancho da meirande parte das vías e pola apertura de novas pistas, e posiblemente por outras infraestruturas do parque (plataformas de montaxe,



subestación, zonas de xiro, etc.). Por tanto, deberán estar convenientemente identificados, avaliado o seu impacto e, de ser o caso, corrixida a disposición das infraestruturas para a súa conservación.

- Con respecto ao impacto visual dende o Camiño de Santiago, os puntos elixidos para avaliar a incidencia visual deberían estar escollidos en aqueles tramos onde, segundo os contidos do plano 3. *Visibilidade*, son visibles a totalidade dos aerogeradores do parque, toda vez que son aqueles sobre os que se debería avaliar, de ser o caso, a conveniencia de implantar medidas de amortecemento visual.
- Respecto da antena meteorolóxica, a situación proposta implica á apertura dunha nova vía e o aumento da distribución de impactos visuais no fondo escénico que configura o parque nese cordal. Polo que, sen prexuízo dos requisitos técnicos para a súa funcionalidade, debería buscarse nunha situación na que quede amortecida por outras instalacións de alto porte ou por arboredo, similar á que ocupa actualmente a antena existente.

Por outra banda, o proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística sobre o uso preferente da traza dos camiños existentes, o minimizado dos movementos de terra, a compacidade de volume do edificio da subestación e nas medidas de recuperación e restauración vexetal dos terreos afectados polo proxecto. Estas medidas resultan xenéricas e insuficientes de acordo ás características do proxecto e deberán ser completadas segundo os criterios expresados no apartado 6 seguinte.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, que para os efectos do disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei, pode considerarse formalmente completo, se ben as análises realizadas non resultan axustadas á entidade do proxecto e non teñen en conta a percepción dos observadores máis próximos ás instalacións, polo que deberán ser completados de acordo ás consideracións expresadas no apartado 5 anterior.

O parque eólico Banzas pode provocar un elevado impacto paisaxístico na escala territorial, polo que para mitigalo, as medidas preventivas e correctoras de integración paisaxística propostas deberán axustarse ás novas análises do impacto e ter en conta os seguintes criterios e recomendacións:

- Ante a manifesta preocupación social polo impacto paisaxístico do parque deberán adoptarse as medidas necesarias para reduci-lo ou mitigalo. Para tal fin deberán establecerse criterios de deseño e medidas correctoras para reducir a visibilidade das instalacións de consenso cos seus habitantes. Suxírese a plantación de especies arbóreas autóctonas que mitiguen a incidencia visual sobre os núcleos máis próximos e/ou a redución do número de aerogeradores con maior impacto sobre a poboación ou sobre os elementos ou áreas de valor paisaxístico.
- En relación aos camiños proxectados de acceso ás infraestruturas do parque, se ben en xeral adáptanse á traza dos existentes, precisan de acondicionamentos de anchos de vía e apertura de novas vías que afectan considerablemente aos muros de peche de pedra tradicional, polo que deberán establecerse medidas de deseño que aseguren a súa conservación e, para os casos en que non poida evitarse a súa eliminación, deberán establecerse medidas de reposición ou restauración dos tramos afectados.
- De acordo co resultado da correcta análise da incidencia sobre o Camiño de Santiago exposta no apartado anterior e, de ser o caso, deberán preverse medidas de amortecemento visual sobre os tramos máis afectados.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



- Respecto á subestación, recoméndase aplicar os criterios da *Guía de cor e materiais* dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

Unha vez introducidas no EIIP as emendas expresadas, deberá someterse a un novo informe deste organismo.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

